



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ESCOLA SUPERIOR DE ENFERMERÍA CRUZ VERMELHA PORTUGUESA-ALTO TÁMEGA PARA A REALIZACION DE PRÁCTICAS DE ESTUDIANTES DE ENFERMERÍA, NOS CENTROS SANITARIOS DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 27.04.2020 coa Escola Superior de Enfermería Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Támega o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dun ano, a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo as partes acordar a prórroga por unha anualidade mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data do vencemento do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da Área sanitaria de Ourense. Verín e O Barco de Valdeorras facilite ao alumnado da Escola Superior de Enfermería Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Támega, a realización de prácticas tuteladas, nos servizos e programas por ela desenvolto

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que as institucións asinantes están interesadas en manter unha estreita colaboración dentro dos seus respectivos ámbitos e competencias, coa finalidade de completar a formación dos estudantes da Escola Superior de Enfermaría Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Támega .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

